

# COMEDOR ESCOLAR - CURSO 2022/2023

## Prazo de entrega da documentación:

DO 4 DE XULLO AO 13 DE XULLO DE 2023

Na secretaría do centro

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- **ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS**  
debidamente cumprimentado e asinado
- **AUTORIZADOS PARA A RECOLLIDA DO ALUMNADO USUARIO DO**  
**SERVIZO COMEDOR**
- **Calquera outra documentación que a familia estime oportuna para realizar**  
**o baremo** en caso de que existan máis solicitudes que prazas.

## SELECCIÓN E ADMISIÓN DE USUARIOS

---

Infórmase que de existir máis solicitudes que prazas autorizadas no comedor escolar, o Consello Escolar, no marco establecido polo artigo 4 do Decreto 132/2013, revisará e baremará a totalidade de solicitudes, avaliándoas, segundo dispón o artigo 7.5 da Orde do 21 de febreiro de 2007, de acordo coa seguinte orde de preferencia:

1. Alumnado **usuario** do servizo de comedor no **curso escolar anterior**, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
2. Alumnado **usuario lexítimo do servizo do transporte escolar**<sup>1</sup>, nos termos establecidos na Instrución 1/2022 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2023-2024.
3. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en **situación socioeconómica de exclusión social** ou que teña **unha discapacidade igual ou superior ao 33%**, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
4. Alumnado membro de **familias numerosas**, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.
5. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, **traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente de xeito alternativo, mediante a seguinte documentación:**
  - a. Informe de vida laboral, expedido polo organismo laboral competente, ou certificado da Unidade de persoal á que pertenza o empregado público
  - b. Certificación da empresa, xustificativa da duración de xornada e o horario de traballo
  - c. Certificación xustificativa de alta no IAE, e unha declaración responsable, sobre a vixencia da actividade económica, e o horario que require a actividade, para o caso de traballadores por conta propia.
6. Outro alumnado do centro. Neste suposto inclúense aos **escolarizados fóra da área** de influencia que lles corresponde.
7. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.

---

<sup>1</sup> Usuario lexítimo do transporte escolar gratuito será o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios.

Para manter a condición de usuario lexítimo, é necesario que faga un uso continuado do transporte escolar, entendido este como o uso repetitivo del en días fixos da totalidade das semanas do curso escolar.

As **listas provisionais de admitidos** ao comedor escolar e as **listas de reserva** elaboradas polo Consello Escolar expóranse, de acordo co disposto no Regulamento 2016/678 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos, con referencia exclusiva aos nomes e apelidos dos usuarios e a posición ocupada nesas listas nos taboleiros de anuncios dos centros, abríndose de seguido un **prazo non inferior a 5 días** para presentación de **alegacións**.

Unha vez resoltas as alegacións polo Consello Escolar de cada centro, o antedito órgano aprobará con carácter definitivo a lista dos admitidos e a lista da reserva, que volverá a ser exposto no centro, para o efecto de que, no seu caso, se deduzan os oportunos recursos de alzada ante as Xefaturas Territoriais da consellería.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo **dun mes de xeito continuado non fagan uso** do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do respectivo centro educativo.

**Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia, antes das 9.45 horas do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola Dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días.**

**As faltas de asistencia poderán comunicarse:**

- **Por correo electrónico:** [ceip.manuelpadin.truiteiro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.manuelpadin.truiteiro@edu.xunta.gal)
- **Por teléfono:** 986 700 049

Non é preciso agardar ao día en que o/a usuario/a do comedor vai faltar, se se ten prevista a falta con días de antelación, pode comunicarse ao centro xa nese mesmo instante.

## RENDA NETA PER CÁPITA FAMILIAR

---

A renda neta per cápita familiar obtérase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da **renda** do **exercicio 2022**:

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro,
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

Casilla 435 + casilla 460 – casilla 595
---

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

### ACLARACIÓNS PARA DETERMINAR CORRECTAMENTE A RENDA ANUAL FAMILIAR:

---

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que **ambos** cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, **perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF**. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casañas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.
- Unidades familiares nas que **ambos** cónxuxes **perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración**. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casañas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, **sumar** os importes das casañas correspondentes a (retribucións dinerarias) e (intereses) e **restar** os importes das casañas correspondentes a (cotizacións seguridade social), (retencións procedentes do traballo) e (retencións procedentes do capital mobiliario).
- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero **non teñan a obriga de presentar declaración da renda ou** ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes **non perciban renda ningunha** suxeita a tributación do IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentase declaración do IRPF.

## CONCEPTO DE UNIDADE FAMILIAR E OBTENCIÓN DA MESMA

---

En base ao disposto no artigo 16 do Decreto 132/2013, o concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas.

Aos efectos do IRPF, existen dúas modalidades de unidade familiar:

### 1.- No caso de **matrimonio**:

A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houber:

- a) Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.
- b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.  
Hai que ter en conta que a maioría de idade acádase ao cumprir 18 anos.

### 2.- En **ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal**:

A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior (os supostos a) ou b) do apartado 1).

Polo tanto:

- Calquera outra agrupación familiar, distinta das anteriores, non constitúe unidade familiar a efectos do IRPF.
- Ninguén pode formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.
- O número de membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente o día 31 de decembro de cada ano. Polo tanto, se un fillo cumprira 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar nese período impositivo. Tampouco formarán parte da unidade familiar o membro que falecera durante o período impositivo.
- Nas parellas de feito só un dos seus membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos que reúnan os requisitos anteriormente comentados (os supostos a) ou b) do apartado 1). O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida.”